

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONGREGACIÓN HERMANAS MERCEDARIAS DE LA CARIDAD PARA O MANTEMENTO DUNHA CASA DE ACOLLIDA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula no seu artigo 48 a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a



normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 (Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero) e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, (Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero), contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores, entre as que se atopan varias dirixidas a garantir recursos habitacionais adecuados e suficientes para todas as mulleres que sofren violencia de xénero.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación do Ditame, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027). Este Plan recolle o Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres e na Área 2 Asistencia social integral e reparación inclúe os recursos especializados residenciais cuxo obxectivo é atender as necesidades inmediatas ou a medio e longo prazo de recuperación das vítimas. Na Subárea 2.1 Servizos especializados de apoio, asistencia



e recuperación integral sinala expresamente o aloxamento temporal seguro tanto de emerxencia como de longa duración.

O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. As medidas contempladas abordan a loita contra a violencia machista desde distintos ámbitos: sensibilización, resposta institucional, asistencia e protección das vítimas.

Varias das medidas recollidas no novo Pacto de Estado inciden na importancia de mellorar o acceso a casas de acollida (medida 92), de asegurar coas comunidades autónomas competentes na materia a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas a través da rede de casas de acollida e incrementar e mellorar a rede autonómica en todas as súas formas e recursos de aloxamento (medida 233).

A entidade Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad, na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dunha casa de acollida de transición para mulleres, acondicionada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e compe os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número 3670.

A Congregación de las Hermanas Mercedarias de la Caridad ten como obxectivos, entre outros: protexer á muller e/ou ás persoas dependentes dela, os seus fillos e fillas, ofrecéndolle un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos, facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero, favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ao seu momento vital e contribuír á súa total recuperación e proporcionar apoios, recursos e servizos a todas as persoas en situación de dependencia para que poidan desenvolver o seu proxecto de vida, promovendo e favorecendo o seu benestar, a súa autonomía e a súa inclusión social e asegurar o exercicio de roles da cidadanía plena.

A Consellería de Política Social e Igualdade de cara a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e de ampliar e complementar o número de prazas de acollida dispoñibles en Galicia, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Congregación de las Hermanas Mercedarias de la Caridad para o mantemento dunha casa de acollida de transición, para mulleres vítimas de violencia de xénero, previas a un recurso de acollida que proporcione aloxamento



inmediato e de emerxencia as mulleres que sofren violencia de xénero e as persoas dependentes delas, co fin de ofrecer un espazo seguro que cubras as necesidades básicas ante una situación de crise ou emerxencia vital.

O obxecto do convenio é a colaboración no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do dito recurso, comprometéndose a Congregación a manter as casa de acollida en funcionamento e a prestarlle a estas mulleres vítimas de violencia de xénero un servizo integral de atención, emerxencia, apoio e acollida.

Ademais esta vivenda é o único centro da provincia de Lugo que conta coa modalidade de casa de acollida de transición, a cal ten como finalidade darlle un aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia ás mulleres e as súas fillas e fillos menores que sufran unha problemática de malos tratos e cuxo fin sexa proporcionar unha residencia que cubra as necesidades básicas e de seguridade ante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor, promovendo así os servizos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero
Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957 691
igualdade@xunta.gal - igualdade.xunta.gal

